



ECMO. CONCELLO DA ESTRADA  
Praza Constitución, 1  
Tfnos.: 986 570165/570030  
Fax: 986 570233

## EDITO

En data 05.10.17, previos os informes e trámites preceptivos, o Concello Pleno adoptou, entre outros acordos, o referido á aprobación do expediente de expropiación fundamentado no documento técnico *Texto refundido do proxecto de expropiación de terreos e bens para zona verde de sistema xeral SX-ZV-P15* ( actuación illada en solo urbano de ampliación dos xardíns da Alameda ), elaborado en data 19.09.17 por parte do arquitecto municipal ( Sr. Ponte Clares ), froito, por unha parte, da análise particular e conxunto das alegacións presentadas en tempo e forma, e, por outra banda, da representación gráfica alternativa xeorreferenciada realizada para o recinto/perímetro afectado ( igualmente aprobada/ratificada, logo de ser validada pola Dirección Xeral do Catastro - CSV 541EXY56P4CDSY7K - e solicitada a súa inscrición rexistral ).

Este *Texto Refundido*, que tamén foi obxecto de aprobación definitiva, contempla os cambios procedentes respecto do aprobado inicialmente en data 05.11.15.

A aprobación deste expediente de tasación conxunta implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados:

FINCA CATASTRAL	INDEMNIZACIÓN EXPROPIATORIA ( EUROS )
2065407NH4226N0001LX 2065406NH4226N0001PX 2065402NH4226N0001BX	1237310,47
2065403NH4226N0001YX	125473,2
2065404NH4226N0001GX	308674,78
2065405NH4226N0001QX	123176,94
4.671,00 m2 1.794.635,39 €	( global )

Asimesmo, ordeou a publicación dese acordo no Diario Oficial de Galicia, nun xornal dos de maior circulación da provincia e no Taboleiro Municipal.

Igualmente, ordeou a notificación do mesmo, acompañado da documentación/información técnica municipal que o fundamenta ( os respectivos informes técnicos particulares emitidos sobre cada alegación presentada, e o indicado documento refundido – que inclúe as respectivas novas follas de xusto prezo resultantes - ), ás persoas interesadas titulares de bens e dereitos que se relacionan de seguido para que, no prazo de 20 días, poidan, no seu caso, manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado. Nese caso, trasladaríase o expediente e a folha de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia para que fixase o xusto prezo. De non formular oposición á valoración no devandito prazo, presumiríase aceptada a que se fixa no acto/acordo aprobatorio do expediente, de xeito que o xusto prezo se entendería definitivamente determinado

e de conformidade:

2065407NH4226N0001LX; 2065406NH4226N0001PX; 2065402NH4226N0001BX ( Herdeiros de D. Manuel Campos Paseiro ).

2065403NH4226N0001YX ( Herdeiros de Dna. María Hortensia González Cao ).

2065404NH4226N0001GX ( Herdeiros de D. José Castro Bouzón ).

2065405NH4226N0001QX ( DOSEMAS, S.L. ).

Finalmente, ordeou comunicar este acordo ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario de A Estrada e á Xerencia Territorial do Catastro en Pontevedra, para coñecemento e efectos.

A Estrada, 11 de outubro de 2017,  
O ALCALDE,

Asdo./ José C. López Campos.  
( \* *Sinatura dixital ao marxe* )